

O TSXG ratifica que as
canteiras de Atios son
Monte Comunal

Páxina II

O BNG celebra 40 anos
no Porriño

Páxina II

Homenaxe no centenario
dos Mártires de Sobredo

Páxina V

Medalla de honra de Tui
para o bispo D. Luís
Quinteiro Fiuza

Páxina VI

PSOE Tomiño acusa ao
Concello de prepotencia
institucional"

Páxina VII

Fondos Next Generation
para a piscina da Guarda

Páxina XIII

Salceda, exemplo
de loita contra a
violencia machista

Páxina XIII

Zona Franca presentou
en Baiona o seu Plan
Estratéxico provincial

Páxina XV

Entrevista



Santiago Veloso | Presidente
Asociación Ponte nas... Ondas!

"O recoñecemento da
UNESCO pon en
valoración un modelo
de salvagarda do
patrimonio cultural a
nivel mundial"

Páxina XVI

Salceda estivo
presente no
Parlamento europeo

Páxina XIII



Felices Fiestas

Celebra con nosotros
la gran cena baile de fin de año

Dos ambientes dos salones
Salón sólo adultos - Salón familiar
Reservas: 986333404 - 666595983
O Porriño

Manolo
RESTAURANTE

¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13,
Bajo, Porriño

986 331 410

633 601 257

segurosbugarin@gmail.com

Tu aseguradora de confianza en Porriño



LOURINHA

O PORRIÑO

O TSXG ratifica que as canteiras de Atios son Monte Comunal

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza datada o 14 de novembro rexeitou o recurso de casación interposto polo Concello do Porriño contra a sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra de 22 de marzo deste ano, ratificando tanto a de apelación como a sentenza de primeira instancia do xulgado nº 3 do Porriño de 28 de febreiro de 2018 que confirma que as canteiras localizadas no Monte Carrascal e Laxedo da parroquia de Atios son de Monte Comunal.

Segundo informou a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Atios, esta sentenza é “histórica” tanto como unha “labazada xurídica aos argumentos sostidos no recurso polo avogado do Concello” que estipulaba unha presunta infracción procesal, dei-



xando ó mesmo tempo “en evidencia ao Alcalde Alejandro Lorenzo e ao Grupo Municipal do PP porriñés”. Por outra banda, a sentenza impón ao Concello asumir o custe do preito xudicial.

A CMVMC de Atios considerou como vital ara a sentenza tanto “o informe pericial presentado por Ángel Bravo, que foi ratificado na vista oral polo perito xudicial

solicitado polo Concello”, así como “o relato manifestado pola veciña do Carbón Ramona Maceira, a única que a xuíza do Porriño deixou comparecer na sala para dar testemuña” e que significaron probas suficientes para “identificar desde un punto de vista histórico e xurídico o monte Carrascal e Laxedo como de titularidade comunal dos veciños de Atios”.

O Porriño avanza no transporte urbano



O Concello do Porriño vén de presentar á Xunta de Galicia o seu proxecto para a implantación do transporte urbano municipal incluído na Rede de Transporte Público de Galicia.

A proposta inclúe varias liñas de autobuses que conectarán todas as parroquias do municipio e o centro urbano e darán servizo aos dous grandes polígonos in-

dustriais. Os usuarios e usuarias do bus urbano do Porriño beneficiaríanse de todas as vantaxes da Tarxeta da Mobilidade de Galicia, TMG, disfrutando de de descontos, bonificacións e transbordos gratuítos en todo o territorio galego. Ademais, os menores de 21 anos poderán viaxar totalmente gratis ao estar incluídas as liñas municipais na Tarxeta Xente Nova.

Liña eléctrica subterránea co Polígono das Gándaras

O alcalde, Alejandro Lorenzo, acompañado polo delegado de UFD en Pontevedra, Francisco Ramos, visitou a subestación de Atios na que a distribuidora eléctrica de Naturgy vén de invertir preto de 350.000 euros para a construción dunha nova liña de de saída de media tensión ata o Polígono Industrial de As Gándaras.

A actuación consiste na construción dunha liña de media ten-

sión subterránea de 1.724 m dende a subestación de Atios ata o polígono industrial de As Gándaras co obxectivo de apoiar o subministro eléctrico na zona. Ademais, tal e como explicaron os técnicos ao rexedor, está proxectada tamén a reforma do centro de secciona-



mento existente para dotalo de máis celdas telecontroladas para optimizar a fiabilidade do servizo.

40 anos do BNG no Porriño

O BNG organizou un acto público aberto á cidadanía o pasado 11 de decembro no Bar Liceum, con motivo do 40 aniversario da existencia da fronte nacionalista. Durante o acto político interviron dirixentes históricos e actuais do nacionalismo na localidade e proxectáronse vídeos e fotografías das distintas etapas do Bloque no Porriño. Posteriormente, houbo unha sesión vermú e un xantar de confraternidade.

“Facemos 40 anos ao servizo

do Porriño e celebrámolo volvendo a un lugar simbólico para o Bloque, o Liceum, reencontrámonos coas nosas orixes para coller impulso. Estamos no mellor momento da historia do BNG e aspiramos a todo, nas municipais de maio do 2023 queremos liderar un goberno de esquerdas e nas vindeiras galegas imos contribuír desde O Porriño a facer que Ana Pontón sexa a próxima presidenta da Xunta”, afirmou a responsábel local do BNG na localidade, Míriam Martínez.

DESAYUNOS TAPAS VARIADAS PLATOS PASTAS
CARNES PESCADOS BOCADILLOS HAMBURGUESAS
MENÚ DEL DÍA Y A LA CARTA OPCIONES VEGANAS Y SIN GLUTEN

@ GALIBAR CENTRO
Manuel Rodríguez, 13
986 138 441
O PORRIÑO

@ GALIBAR LOURAMBAL
Ctra. Relva, 2B
678 077 180
TORNEIROS



Rúa Ramón González, 16
O PORRIÑO

Por Francisco José Peña Castiñeira. Científico, académico, escritor e humanista

Hai que estar preparados ante a ameaza de novas pandemias

No século XXI revelarase o gran poder dos virus sobre a humanidade, inevitablemente xurdirán novas pandemias. O cambio climático converterase no factor de risco determinante de aparición de enfermidades emerxentes, contribuíndo a que as pandemias sexan máis probables nun futuro próximo; pero os gobernantes ignoran os avisos da comunidade científica sobre a perda de biodiversidade e o cambio climático que nos van levar á nova era do pandemioceno.

Os seres humanos invadimos territorios alleos, quitámoslles o espazo aos animais salvaxes, extinguindo moitas destas especies, aumentando así o risco de infectar humanos e/o animais domésticos; mentres que os virus, as bacterias e os parásitos vinculados a esas especies, sobreviven a través de mutacións e acaban colonizando outra especie.

Ante esta situación, temos que estar preparados para afrontar a próxima pandemia, coa finalidade de minimizar o seu impacto sanitario, económico e social; e

para iso é preciso ter plans de continxencia/actuación a nivel global, europeo, estatal, autonómico e local para responder con contundencia ante posibles situacións que poidan xurdir en calquera momento, o que implica destinar máis recursos ao sistema sanitario e á prevención, sendo imprescindible que haxa unidade de criterios e maior coordinación para afrontar unha emerxencia sanitaria.

O Poder Lexislativo ten que crear un novo marco xurídico, que debe apoiarse nas medidas preventivas que se deberán adoptar para preservar a saúde e a seguridade da cidadanía ante unha emerxencia sanitaria, xa que foi un auténtico despropósito a falta de unidade de criterios dos Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas. Na miña opinión, os

xuíces non deben internir en cuestións que afecten á saúde pública, para iso están os expertos, e precisan estar apoiados nunha normativa legal que os protexa á hora de tomar decisións que beneficien os intereses da saúde dos cidadáns.

Agora é o momento de que os gobernos reforcen os sistemas de saúde, para facelos máis resilientes ante unha nova pandemia, ademais de apostar pola protección e conservación do medio ambiente. O éxito ou o fracaso dependerá do que sexamos capaces de facer a partir de agora. É hora de actuar ou o pagaremos caro.



Por Xoán Carlos Caballero Alonso

Viva Vigo!

En Lucifernalia o día é máis longo que no solsticio do verán finlandés. Dende aquí, se nos acercamos ao extrarradio nas longas noites invernaís, pódense observar as auroras boreais producidas polos insignificantes, pero cada vez maiores beléns dos concellos dos arredores, que acabaron sucumbindo ao díaño e ás súas perversas intencións de mudar a comarca nun lugar tenebroso. A pesares da grave crisis enerxética, non dubidou en magnificar aínda máis o espectáculo, desoindo as recomendacións do goberno de reducir o gasto de enerxía ao resto dos cidadáns.

Tras ser expulsado do paraíso, pola indiferencia e falta de apoio obtido nos diferentes reinos celestiais nas eleccións de 1997, prometeuse así mesmo que volvería para vingarse. Dende o día que lle cortaron as ás comezou a elaborar o seu plan, sen presa pero sen pausa. A vinganza é un prato que se serve frío, pensou mentres afiaba o seu tridente.

A súa soberbia era tal que cría que a el e a Deus só os diferenciaba a omnipresencia.

Hoxe en día non é difícil estar nos medios de comunicación ou ser trending topic nas redes sociais. Calquer estupidez ou parvada que digas ou fagas, pode ser



vista por millóns de persoas nun día. Observando o tirón mediático que teñen os frikis, para estar a todas horas nos medios, decidíu transformarse nun deles. E foi ese o camiño que escolleu para introducirse nos fogares do país e converterse en omnipresente. A partires de aí foi un non parar, tanto baila break-dance como swish-swish, di que o Nadal no planeta comeza cando el prende as luces ou que a Estación Espacial parouse durante un día para mirar

a mellor iluminación navideña do mundo.

Xa só faltaba buscar un plan co cal reventar a cidade sen levantar sospeitas. Aproveitando que Vigo ten Ría e que o quecemento do planeta vai en aumento, decidiu acelerar o proceso colocando millóns de luces en tódalas rúas para trocar un lugar celeste no averno.

Ao principio todo era magnífico, as longas noites do inverno facíanse máis curtas, as rúas cheas de xente, as árbores e parques nevados e os restaurantes estaban ateigados polas persoas podentes. Mesmo pasou a ser coñecida como a Cidade das Luces. E como non, París acabaría pasando a un segundo plano como prognosticara o demo o día que dixo: Que tiemble la alcadesa de París!!! Aos franceses sempre lles quedará o consolo de que a súa sona fora adquirida por outro tipo de luces, máis económicas, máis ecolóxicas e sobre todo máis ilustradas.

Pero toda esta alegría durou poucos anos e acabou pasando factura. As árbores e as plantas comezaron a esmorecer e o osíxeno a escasear, orixinando graves problemas nas vías respiratorias dos cidadáns. A contaminación lumínica provocou na vexetación un estado fotosintético permanente que as acabou esgotando ata a súa desaparición. Todo isto acontecía mentres a auga do mar non paraba de subir, xa que pobos de todo o mundo comezaron a montar o seu propio

belén e a competir entre eles, o que acelerou o derretemento dos polos. O mar non tardou en chegar ata a zona centro. Ao principio os habitantes alarmáronse pero pronto se lles dixo que os seus pisos revalorizaríanse porque as rúas serían navegables e poderían ser sucadas por maravillosas góndolas. Que tiemble el alcalde de Venecia! -exclamou o díaño.

Pouco despois, a poboación comezou a ter desprendemento de retina pola contaminación lumínica, pero pagou a pena porque a ONCE aproveitou para trasladar a súa sede a Matamá, polo abaratamento da man de obra.

O apocalipse chegou cando o mar entrou en contacto coa principal central eléctrica que abastecía a urbe. Este feito causou un cortocircuíto que tornou a Cidade das Luces nun lugar tenebroso, para maior gloria do seu artífice. Ese día saudou a todos coa man en forma de V. Mais para sorpresa dos alí presentes, de repente, xirou o pulso e amosou os dorsos das súas mans sen desfacer a letra. Nunca antes se lle entendera tan ben o inglés. Con ese xiro, a V de Vigo mudou o seu significado en Fuck You. En galego: que vos den!



Novas de Turonio
Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

O PORRIÑO

A infancia porriñesa toma a palabra

Os nenos e nenas dos dez centros educativos do municipio participaron no Pleno Infantil do Concello do Porriño, que tivo lugar como corresponde no salón de plenos e estivo presidido polo alcalde, Alejandro Lorenzo.

A sesión, convocada con motivo do Día Mundial da Infancia que se celebra este domingo, xirou entornao ao lema "Dereitos e emocións". A orde do día incluía tamén a posta en marcha da iniciativa "A hora de dar" que recollerá alimentos e produtos de primeira necesidade para os nenos e nenas que máis o necesitan e que foi aprobada por unanimidade. Tamén a lectura e debate do Manifesto da infancia e adolescencia 2022 que foi respaldado por todos os grupos e trasladado ao alcalde co com-



promiso de que se faga público.

Participaron como corporativos Martín Táboas (CPR Santo Tomás), Nicolás Vázquez e Antía Reboredo (CEIP de Atios), Daniel Lareo e Amaia Fandiño (CEIP Cruz Budiño), Andrea Rodríguez e Joel Gil (CEIP da Ribeira), Claudia Carballo e Erik Rodríguez (CEIP

Antonio Palacios), Ibai Gómez e Alonso Rodríguez (Aceasca), Carmen Pereira e Alba Sousa (CPR Hermanos Quiroga), Sofía Martínez e Aroa Nogueiras (CEIP Xosé Fernández López), Uxío Peireiro e Borja Lorenzo (IES Ribeira do Louro) e Sara Feijóo e Luis Rodríguez (IES Pino Manso).

Concurso de escaparates de Nadal no Porriño



O Concello do Porriño convocou o seu primeiro concurso de escaparates de Nadal dirixido ao comercio e hostelería local, con tres premios e seis mencións especiais. O primeiro premio terá unha contía de 1.200 euros, o segundo de 800 euros e o terceiro de 500 euros. As seis men-

cións especiais que outorgará o xurado estarán dotadas con 250 euros cada unha.

A veciñanza xogará un papel esencial neste concurso, xa que ademais do xurado que valorará os deseños poderán votar tamén a través das redes sociais do Concello, onde se expoñerán todos os participantes.

Solidariedade co foco na infancia

O Concello do Porriño sumouse ao Giving Tuesday, o movemento mundial que cada 29 de novembro promove os actos de solidariedade e o altruismo e, co foco nos máis pequenos e pequenas, lanzou a campaña de recollida de alimentos e produtos infantís de alimentación e hixiene, "A hora de dar".

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e a concelleira de Educación, Carolina González, deron hoxe o pistoletazo de saída á recollida no CEIP Plurilingüe Cruz-Budiño. Este ano, a recollida



específica centrase en produtos infantís, alimentos e produtos de hixiene para bebés (cueiros, cremas, toallíñas, purés, leites

e alimentos infantís de todo tipo...), para a súa posterior distribución entre as familias do concello con menos recursos.

O Porriño rexeita 1,1 M € de facturación dos anos 2017 e 2018

Tras contar co respaldo dos informes do Interventor e o Secretario Municipal, o goberno do Porriño aprobou en pleno municipal rexeitar o recoñecemento e retirar definitivamente da contabilidade municipal facturas non acreditadas por valor de 1,1 millóns de euros procedentes dos anos 2017 e 2018.

Estes informes consideran que foron violados todos os principios de contratación e fiscalización de gasto e que establece a lei e incide en que non foi posible

para os técnicos e encargados municipais acreditar que ese servizo prestouse nin que os prezos axústense a mercado. Apuntan a unha posible actividade "falsaria e atentatoria á facenda pública" nalgún dos casos, ao detectarse posibles engrosamentos de prezos.

O rexeitamento desta facturación saíu adiante co voto do Goberno Municipal liderado polo alcalde Alejandro Lorenzo (PP), a abstención de EU SON e o voto en contra de PSOE, BNG e Lourdes Moure.



Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

mifollas@mundo-r.com



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Programación de Nadal en Tui

Tui, o Camiño do Nadal" volve ser o lema da programación de Nadal do Concello de Tui que se vai celebrar dende o 5 de decembro ate o 5 de xaneiro con música, mercado, decoración, iluminación, obradoiros infantís.

A iluminación de Nadal acenderase o día 8 contando coa actuación da Rondalla de Pexegueiro. Cómpre salientar como a Eurocidade Tui-Valença elaborou unha programación conxunta con agrupacións dos dous municipios. É o caso das actuacións das corais valencianas São Teotónio, e Verdoejo e do Coro In-

fantil 1º Grau da Academia da Música da Fortaleza de Valença, e das tudenses do Centro Sociocomunitario, Ponte das Febres e San Telmo previstas na praza da República de Valença e no Paseo da Corredoira en Tui o sábado 10 e o domingo 11.

Tamén haberá obradoiros infantís na Biblioteca Municipal do luns 26 ao xoves 30 de decembro e o planetario "Navegando polo Universo" (2-4 de xaneiro). O centro bibliotecario tudense levará a cabo un ano máis o seu Mercado Solidario de Libros entre o luns 5 de decembro e o venres 30 de decembro onde a cidadanía poderá

canxear libros por produtos de Nadal non perecedeiros. Non faltará a súa cita con Tui o Apalpador o 19 de decembro no Mercado de Nadal.

A música chegará tamén ao Centro de Día Amoralía e as residencias Paz e Ben e San Telmo coas corais do Centro Sociocomunitario, Ponte das Febres e San Telmo, que achegarán parte do seu repertorio as persoas usuarias e residentes neste centros os días 20, 21 e 27 de decembro.

Toda esta programación pecharase coa tradicional Cabalgata de Reis da Eurocidade na tarde do 5 de xaneiro.

Homenaxe no centenario dos Mártires de Sobredo

O Instituto de Estudos Agrarios Mártires de Sobredo (IEAMSo) organizou este 28 de novembro unha homenaxe con motivo do centenario dos Mártires de Sobredo, suceso acaecido nesta parroquia de Guillarei (Tui) en 1922.

Nestes acontecementos perderon a vida a mans da Garda Civil a labrega Cándida Rodríguez González, natural de Pazos de Reis, e os labregos Venancio González Romero, natural de Budiño e Joaquín Estévez Besada, natural de Soutelo, cunha ducia de feridos cando participaban nunha concentración solidarizándose cun veciño da localidade que non pagou rendas de foro e opóndose ao embargo xudicial de bens por dito impago.



O IEAMSo presentou o 23 de novembro ante o Parlamento de Galicia unha "Declaración de recoñecemento ao agrarismo galego", toda vez programou actos de conmemoración para os días 27 e 28 de novembro, destacando o descubrimento da placa que da nome á "Rúa Mártires de Sobredo", a conferencia do historiador Bieito Alonso, "Sobredo na memoria", e a interpretación musical de Samuel Diz

Tui, galardoado no Certame Vilas en Flor

O Concello de Tui foi galardoado con dúas Flores de Honra no Certame Vila en Flor 2022 o 1 de decembro en Caldas de Reis. Trátase da primeira ocasión na que o Concello recibe esta segunda flor, unha distinción para a que o xurado valorou positivamente as actuacións en materia de compostaxe, educación ambiental e as obras de recuperación de espazos para a veciñanza.

Entre esas actuacións foi moi valorado o proxecto de recupe-



ración dos xardíns Troncoso e Antero Rubín xunto co proxecto de humanización da rúa Colón. Neste senso, o xurado do Certame Vilas en Flor premia o bo labor


de mellora e apertura de espazos da nosa cidade para uso e disfrute da cidadanía. A distinción foi recollida pola concelleira de Parques e Xardíns, Yolanda Rodríguez.

Mercadiño Solidario de Libros

A Biblioteca Pública Municipal de Tui organiza dende o 5 e até o 30 de decembro unha nova edición do mercadinho solidario de libros, en colaboración co departamento de Servizos Sociais do Concello.

Os libros ofertados son destinados ao expurgo, procedentes

dos fondos da Biblioteca ou de doazóns de veciños, para que aqueles lectores interesados poidan recoller os que lles interesen. A condición para acceder a este mercadinho é a entrega dun lote de produtos de Nadal que estarán destinados ás familias atendidas polos Servizos Sociais municipais.



BAIXO MIÑO

TUI

A mocidade tudense alza a voz contra a violencia de xénero e infantil

O Concello de Tui celebrou o primeiro pleno infantil no que a mocidade local revelou as súas inquedanzas a carón da celebración do Día Mundial dos Dereitos da Infancia este 20 de novembro e do Día Internacional contra a Violencia de Xénero do 25N.

Sheila, Xoán, Elisa, Gabriel, Mara, Lorena, Carlos, Eva, Mara, Diego, David, Elena, Javier,... foron parte dos nenos e nenas que protagonizaron este pleno que abre un proceso de participación infantil e adolescente que terá continuidade, segundo concluíu a Corporación Municipal.

Os representantes do alumnado dos CRA Mestra Clara Torres, dos



CEIP's N°1, N°2, Caldelas, Guilleirei, Pazos de Reis, e Rebordáns, do colexio Maristas Santa María, do IES Indalecio Pérez Tizón, e do Seminario Menor reflexionaron sobre a violencia de xénero, amosando a súa preocupación polo

maltrato non so físico senón tamén polo psicolóxico que seguen a sufrir as mulleres, a desigualdade salarial, o teito de cristal, os xoguetes sexistas, e amosaron a súa disposición a colaborar en "iniciativas efectivas".

Programa Integrado de Emprego en Tui



O Concello de Tui puxo en marcha un Programa Integrado de Emprego, PIE, concedido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e que suporá un investimento de 297.619,05 euros, dos que o Concello de Tui deberá cofinanciar 47.619,05 euros.


Destacan así o Obradoiro de

Emprego "Senda peonil do río Furnia" e os cursos AFD de 'Montaxe de mobles e elementos de carpintería'. O obxectivo do PIE é lograr a inserción laboral de 45 das 100 persoas que van participar no mesmo. As persoas interesadas en participar deberán estar en situación de desemprego e inscribirse na Oficina de Emprego co código correspondente.

Exposición do Camiño Portugués en Tui

A Sala de Exposicións Municipal no edificio Francisco Sánchez en Tui acollerá até o 29 de xaneiro a exposición "O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra", que chega a Tui da man da Consellería da Cultura e da Cidade da Cultura coa colaboración do Concello de Tui.

O acto inaugural contou coa presenza do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, do director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo M. Lorenzo; da directora xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Ana Isabel



Vázquez e da comisaria da exposición Lucía Laín. Contouse tamén coa presenza do bispo da diocese, Luís Quinteiro, do xefe

territorial de Cultura, César Pérez, e da concelleira de Cultura, Sonsoles Vicente, entre outras autoridades.

Tui destina 10.000€ para apoiar aos seus deportistas internacionais

O Boletín Oficial da Provincia, BOPPO publicou as bases reguladoras para a concesión das bolsas aos deportistas tudenses que participaron este 2022 en competicións federadas de ámbito internacional. O Concello de Tui segue destinando unha partida de 10.000€ co fin de facilitarlles a práctica deportiva e

a súa participación nas súas competicións internacionais.

En 2021 foron oito os deportistas tudenses que foron bolsados, as padeeiras Lara Feijóo e Sara Ouzande, os padeeiros Iván Alonso, Pedro Vázquez e Albert Martí, a remeira Carlota González, o remeiro Jesús González e a kaiak polista Eva Ara.

Medalla de honra de Tui para o bispo D. Luís Quinteiro Fiuza

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, distinguiu coa Medalla de Honra da Corporación Municipal ao bispo da Diocese de Tui-Vigo, D. Luís Quinteiro Fiuza, recoñecendo a súa estreita vinculación á cidade e o seu labor na Catedral. O alcalde tamén fíxolle entrega do

diploma e da acta plenaria deste recoñecemento.

No acto contou coa actuación musical de Pablo Ameijeiras alumno de último curso do grao profesional do Conservatorio de Música de Tui. Ao remate do mesmo o D. Luis Quinteiro, asinou no libro de honra do Concello de Tui.



PSOE Tomiño acusa ao Concello de "prepotencia institucional"

Violeta de Santiago e Mirta Misa, concelleiras do PSdeG en Tomiño, decidiron abandonar o Pleno celebrado este 1 de decembro en sinal de protesta por non consensuar o goberno municipal do BNG as datas das sesións, unha actitude que consideraron como de "prepotencia institucional".

Sinalaron que "é unha falta de respecto e lealdade á Corporación municipal a imposición do Pleno, tendo en conta a importancia do debate e aprobación do orzamento xeral que será o documento económico que rexirá o vindeiro ano, e o tempo mínimo para estudar a fondo a documentación. Pretende o BNG que un documento que levou casi tres meses elaborar, o



examinemos en unha semana, pois recibimos a documentación o mércores 23".

Denunciaron que é falso o anuncio dun incremento do salario dos funcionarios nun 5% senón que está consignada unha subida dun 2,5% establecido nos Presupostos

Xerais do Estado e 0,5% vinculado ó PIB e outro 0,5% vinculado ó IPC, a revisar en setembro de 2023 e que se abonará se se dan as circunstancias axeitadas. Denunciaron tamén como falso o importe de remanente de tesourería de 3,8 millóns de euros.

José Carlos Martínez Crespo, candidato do PSOE do Rosal

José Carlos Martínez Crespo repetirá como candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía do Concello do Rosal, despois de que a Agrupación Local Socialista o elixira por unanimidade en asemblea celebrada o 3 de decembro.

Destacou que "o PSdeG-PSOE do Rosal atópase forte e unido, e que afronta a cita do 28 de maio de 2023 con novos folgos grazas a determinación, forza e convencemento do candidato e das persoas que conforman a familia socialista".



O Espazo Isaura Gómez será o corazón da cultura de Tomiño



A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, e a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, acompañadas do deputado provincial Gorka Gómez e o concelleiro e deputado provincial Uxío Benítez, visitaron o avance das obras do futuro Espazo Isaura Gómez, próximo á Praza do Seixo, un equipamento sociocultural "icónico" que se converterá nun punto de encontro e nun referente para a cultura da comarca do Baixo Miño e do norte de Portugal.

A institución provincial financia este equipamento, de nova construción, a través do programa extraordinario ReacPon. Ten un orzamento superior aos 1,7 millóns de euros dos que a institución provincial achega 1.108.423,05 € e o Concello os 632.163,06 € restantes.

Isaura Gómez foi unha muller tomiñesa, natural da parroquia de Figueiró, que foi represaliada polo franquismo debido a súa defensa de valores como a xustiza, a igualdade e a liberdade.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

GASTRO - TABERNA

Cocina Gallega

As' Pedriñas Novas

Madrid

felices pascuas

Lista

Madrid - Ortega y Gasset, 66 · Telf.: 914 014 445

BAIXO MIÑO

Fondos Next Generation para a piscina da Guarda



O Concello da Guarda acometeu as obras de reforma da súa piscina municipal, que ten 25 anos de antigüidade, cun prezo de licitación de 85.000 € presentado aos fondos Next Generation EU dentro do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP) para en-

tidades locais, neste caso dentro da liña 2 desta convocatoria, cun orzamento que ascende a 2.266.212 €

Este ambicioso proxecto permitirá a modernización e renovación total dun equipamento municipal, como sucede no caso do pavillón municipal da Sanguña.

Novo convenio laboral na Guarda



As negociacións formais iniciáronse a principios do 2022 e deron lugar, despois dun longo proceso de reunións e de negociación, a que o concello da Guarda conte co II Convenio Colectivo e co II Acordo Regulador para funcionarios. Este novo convenio colectivo para o

persoal laboral inclúe, por primeira vez, unha táboa salarial. Hai que indicar que os anteriores documentos databan de 2007 e que precisaban dunha adecuación á nova normativa así como unha clarificación nos dereitos e obrigas dos traballadores municipais.

Peché temporal do albergue municipal da Guarda

O Albergue Municipal de Peregrinos permanecerá pechado do luns 19 de decembro ata o domingo 15 de xaneiro, abrindo novamente a partir do

luns 16 de xaneiro, ante a redución do número de peregrinos. Aproveitando o peche do albergue realizaranse tarefas de mantemento das instalacións.

Alto do Montouto da Cañiza terá miradoiro e observatorio nocturno

A Comunidade de Montes da parroquia cañicense da Lamosa cedeu gratuitamente ao Concello dúas hectáreas dos terreos do Alto da Lamosa para a instalación de miradoiros interpretativos e dun observatorio nocturno, un novo recurso paisa-

xístico que reforzará a oferta turística

O Alcalde da Cañiza, Luís Piña iniciou o pasado verán os trámites de solicitude destes terreos ante a Asamblea da CMVMC da Lamosa, titular dos mesmos, acordándose a cesión de 20.000 m2 de terreo.

O prazo de cesión será por tempo indefinido en favor do Concello de A Cañiza. Ademais o Concello asume as responsabilidades e danos nas infraestruturas así como a responsabilidade civil, comprometéndose a subscribir e manter actualizados anualmente os seguros.



financiamos tu compra

12 MESES

SIN INTERESES

laguardia & moreira

ESPACIOS DE BAÑO • CERÁMICA • CLIMATIZACIÓN

AECT Río Minho presentará proxectos para os fondos POCTEP 2021-27

O deputado de cooperación transfronteiriza e director do AECT Río Minho, Uxío Benítez, asistiu en Aya-monte, acompañado pola secreta-riado técnico do agrupamento galego-portugués, ao seminario de lanzamento do novo Programa Interreg España-Portugal (POC-TEP) 2021-2027, o programa de cooperación transfronteiriza da Unión Europea, dotado cun inves-timento total de 427 millóns de euros entre os anos 2022 e 2027.

No marco do anterior Programa Interreg España-Portugal do pe-riodo 2014-2020 o AECT Río Minho integrou os proxectos Estratexia de Cooperación Intelixente do Río Miño - Smart Minho (cunha



dotación total de 942.022,47 €), Visit Río Minho (2 millóns de eu-ros) e Rede Lab Minho, do que foi beneficiario principal (345.396,00 €).

Entre os tres proxectos acumú-lanse investimentos de case 3 mi-llóns e medio de fondos europeos, que xunto cos orzamentos do resto

de proxectos promovidos por enti-dades locais do territorio dentro do POCTEP 2014-2020 como foron a Axenda de Cooperación Trans-fronteiriza Amizade Cerveira-Tomiño, Río Miño Destino Navegable, Migra Minho e Unicidade Eurocidade Valença -Tui, a cifra ascende a 7 millóns e medio de euros.

PP Tomiño pide a reapertura do consultorio de Goián



O Partido Popular de To-miño reclamou ao go-berno municipal a reapertura do consultorio mé-dico para a parroquia de Goián, toda vez xa se realizaron os trá-mites necesarios ante o SERGAS e a Xunta de Galicia xa deu o visto bo.

Lembraron os “populares” to-miñenses que o BNG de Tomiño dirixido pola alcaldesa Sandra González instou ao goberno au-tonómico para achegar unha so-lución a sabendas da complexidade e o tempo que iso supón pero que non avanzaron na procura dunha instalación adecuada.

A Corporación do
Concello de Tui
deséxalles aos
seus veciños
Bo Nadal
e
Feliz Aninovo

Restaurante O'caldino

Cocina tradicional gallega: carnes, pescados y mariscos de Galicia.

"Vive un momento único en el que cada bocado te transportará a Galicia"

felices fiestas a nuestros clientes y amigos

Ubicación
O'caldino
C/ Lasca, 74
28001 - Madrid -España

Contacto
(+34) 91 575 70 14
(+34) 91 575 14 48
contacto@ocaldino.com

SERRANO

www.ocaldino.com



Bo Nadal para todos os galegos e amigos

Xeito
RESTAURANTE • MARISQUERÍA
TAPERÍA



ESPECIALIDADES
Pimientos Rellenos de Marisco
Pescados y Mariscos de la costa
Bogavante con Arroz
Zamburiñas a la Plancha
Entrecot de Buey
Parrillada de Pescados
Postres Caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)
Telf. 986 610 474 - Reservas: 659 984 234
36780 A GUARDA (Pontevedra)



Museo del Pan Gallego

EMPANADA - TARTAS
ROSCONES - VICAS
PAN DE CENTENO Y MAIZ fresco todos los días

- HORNO DE LEÑA -
Todo ello fabricado en horno de leña por Técnicas Gallegas

Pza. de Herradores, 9
28013 Madrid
Tfno. 91 542 51 60

museodelpangallego@hotmail.com
www.museodelpangallego.com





Desde 1960 a su servicio

Especialidades
Pulpo con patatas
Estofado de Marisco
Revuelto de la casa
Pescado de la costa

CASA CHUPE OVOS

A Roda, 24 - 36780 A Guarda
986 61 10 15

talleres silva



Reparación del Automóvil
Mecánica - Chapa - Pintura

A Sangriña, s/n - A Guarda (Pontevedra)
silvatalleres@gmail.com

986 61 42 81
698 15 55 49

Ribeira do Miño
marisquería

Ribeira

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
MARISCADAS PARA LLEVAR

Santa Brígida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93

www.marisqueriaribeiradomino.com

Hotel Eli-MAR

Todas las habitaciones con: baño, teléfono automático, wifi, hilo musical y TV, calefacción central y agua caliente central. Aire acondicionado en cafetería y zonas comunes.

info@eli-marhotel.com www.eli-marhotel.com
Teléfono 986 61 30 00 Vicente Sobrino, 12 A Guarda



José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO

C/ Concepción Arenal 75 2ºG 36780 A GUARDA
Telf. 986 611 005 - Fax 986 611 123
e-mail rodriguezcasal@notariado.org

RESTAURANTE



TRASMALLO

Reserva en: 986 61 04 73 / 619 72 56 76
Rua do Porto, 59 A Guarda

Casa Gallega
RESTAURANTE - BAR - MARISQUERÍA



C/ Bordadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 90 55 - 56 - Fax 91 559 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com



DISCARLUX
ONLINE

A mellor carne galega ao servizo da restauración



Feliz Ano Novo a clientes e amigos!

Polígono Industrial de Vallecas Dos, 14- Madrid- 91 507 98 61 - discarlux.es

Mos presenta os Orzamentos 2023

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, vén de rematar a elaboración do orzamento municipal para 2023, documento que ultimou co departamento municipal de Intervención e que foi entregado aos grupos da oposición para ser levado a aprobación.

Trátase dun orzamento que mantén a contía do actual en vigor, que alcanza o importe dos 13 millóns de euros tanto no capítulo de gastos como no de ingresos, e que se caracteriza pola baixada de impostos e pola presenza xa do novo macroproxecto sociosanitario do Rebullón, pois a construción da Escola Infantil A Galiña Azul



iniciarase o ano que vén e, para elo, a Xunta destina unha partida de 507.000 €.

A partida que máis sobe e a máis elevada do orzamento é a de Política Social que pasa de 2.057.662,44 euros en 2022 a

2.371.216,07 euros en 2023 (313.553,63 euros máis). Tamén destacan o incremento de persoal administrativo, emprego, educación, comercio local, o Plan Mos Humanizado, saneamento, deporte, cultura e entidades sociais.

BNG Mos: O Concello "malgasta en propaganda"

OBNG de Mos presentou 14 emendas aos orzamentos municipais 2023 elaborados polo goberno municipal de Nidia Arévalo (PP), sendo en total modificacións por un montante de 267.500€. O portavoz nacionalista no Concello, Gustavo Barcia, denunciou que "este goberno das chapuzas gasta sen control e de mala maneira" en "accións de propaganda".

Indicou que algunhas das propostas do BNG van encamiñadas a reforzar as partidas destinadas a Servizos Sociais, en especial maior investimento no

Centro de Información á Muller (CIM), ata 50.000; un incremento da partida destinada ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para elevala ata 1.100.000 euros; a Cultura, asignando 13.000 euros máis ao Plan Cultural e creando unha partida específica para as actividades do tecido asociativo; e a conciliación familiar, cunha asignación de 5.000 euros para as Escolas de Verán e por outra parte, solicítase un incremento das subvencións para os clubs deportivos, así como a súa extensión ás entidades que actualmente non teñen acceso a elas.

PerdeMOS contra as violencias machistas

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira de Política Social e Igualdade, Sara Cebreiro presentaron xunto a representantes de varios clubs deportivos do Concello de Mos, a programación municipal conmemorativa do 25N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O programa de actos incluírá, o 24 de novembro a Mesa Local de Coordinación Contra a Violencia de Xénero. O propio día 25, Día Internacional contra a Violencia de Xénero celebrarase o acto institucional no Concello en homenaxe ás vítimas a cargo das per-



soas voluntarias dos puntos lila do CIM; logo terá lugar o acto cos clubs deportivos no Campo de Fútbol de Cototorrón (acto de homenaxe ás vítimas e de reivindicación do respecto á igualdade no deporte).

O CIM de Mos impartirá charlas sobre igualdade tamén nos clubs deportivos. Tamén se realizarán xincanas e actividades lúdicas en centros educativos, e un obradoiro dirixido ás familias das crianzas das escolas infantís "A Galiña Azul".

Nova edición en 2023 de "Depotermal"

AXunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou as bases da nova edición do programa de termalismo social "Depotermal", unha das iniciativas provinciais con maior acollida e na que desde o ano 2015 participaron 16.500 persoas. Para o próximo 2023 serán un total de 3.500 as prazas que ofertará o programa, que busca "actividades de envellecemento activo para as persoas maiores vinculadas á saúde". A institución

provincial destinará preto de 200.000 euros (184.470€) á iniciativa.

"Depotermal" desenvólvese en concellos que contan con centros de termalismo e balnearios e ofrece dúas modalidades de participación, estadias de día ou pernoita. Está destinado a persoas maiores de 50 anos, xubiladas, pensionistas, persoas cun recoñecemento do grao de diversidade igual ou superior ao 65% e tamén ás que precisen dun respiro familiar.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda e AEMOS presentaron oficina Acelera Pyme Rural

Alcaldesa de Salceda Verónica Tourón, xunto con Francisco Domínguez xerente da Asociación de Empresarios de Mos presentaron no CDL O Torrón a Oficina Acelera Pyme. Unha iniciativa posta en marcha pola Asociación, en colaboración coa entidade pública Red.es e financiada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea.

Na presentación tamén parti-

cipou David Sobral, Secretario Xeral da Federación Galega de Parques Empresariais, entidade colaboradora do proxecto.

Á xornada asistiron empresas e persoas autónomas de Salceda e arredores e amosáronse as utilidades e ferramentas, que a Oficina Acelera Pyme pon a disposición das pemes que queiran utilizar os seus servizos, como os test de autodiagnose, os informes personalizados de solucións dixitais ou a formación específica relacionada coa transformación di-

xital no eido empresarial.

O concello de Salceda, entidade colaboradora desta oficina, celebrará diferentes eventos como charlas, seminarios e xornadas relacionadas coa difusión da mesma para prestar asesoramento á pemes e emprendedores locais e comarcais.

O xerente de AEMOS salientou a vocación da oficina de crear un ecosistema que axude as pemes no seu proceso de transformación dixital e que se estenda dende o ámbito local da asociación ata o comarcal e provincial.



O Secretario Xeral de FEGAPE incidiu na importancia deste tipo de iniciativas de apoio para o desenvolvemento do tecido empresarial local e comarcal e na capacidade de AEMOS pola súa ampla experiencia de levalas a cabo con éxito.

A alcaldesa Verónica Tourón salientou que a transformación dixital viu para quedarse e que é necesario apoiar as nosas empresas, con este tipo de oficinas, para que poidan superar o reto do desafío tecnolóxico con éxito e dun xeito innovador.

Clausurado obradoiro de emprego

O CDL de O Torrón foi o escenario onde realizouse o Programa Integrado de Emprego de Salceda de Caselas, nun acto que contou coa presenza da alcaldesa e concelleira de emprego Verónica Tourón e a directora do PIE Olga Carril Rial.

O Programa Integrado de Emprego de Salceda impartiu un total de 1.025 horas de formación ás persoas que participaron nos diferentes itinerarios e acción formativas postos á súa disposición, Formación en diferentes eidos como o sociosanitario, o ali-

mentario, ou relacionada co sector da automoción e coa xestión de almacén e stocks. Igualmente todas as persoas recibiron unha formación de tipo transversal dirixida a mellorar as súas habilidades sociolaborais.

As persoas participantes realizaron prácticas profesionais non laborais en empresas de sectores como o Loxístico, Metalúrxico, Alimentario, e de Servizos (atención sociosanitaria, atención ao público, informático, textil, ferreterías e gasolineras).

No tocante ao ámbito de ac-

tuación territorial relacionado coa prospección laboral realizada polo equipo técnico do Programa, se desenvolveron actividades de intermediación laboral na contorna das áreas industriais do concello de Salceda de Caselas como os polígonos da Granxa, As Gándaras, A Veigadaña, o polígono de Tui ou a área industrial local do Cerquido, así como no concello de Salvaterra de Miño e os concellos portugueses próximos de Monção, Vilanova de Cerveira e Valença.

O datos destas accións de intermediación se traducen no con-



tacto co 162 empresas e a tramitación de 47 ofertas de emprego as que se enviaron as persoas candidatas para que puideran optar a diferentes postos de traballo. Dende a Concellería de Emprego

quixose agradecer de forma especial á constante colaboración e implicación das empresas do tecido empresarial local e comarcal en relación co desenvolvemento do Programa integrado do concello.

Salceda estivo presente no Parlamento europeo

Alcaldesa e secretaria xeral da agrupación socialista de Salceda, Verónica Tourón visitou o Parlamento e outras institucións europeas para coñecer de primeira man o seu funcionamento e poder mellorar a capacidade de captación de fondos europeos para o desenvolvemento local do concello.

Na súa viaxe de tres días, Verónica Tourón, acompañada do secretario provincial do PSdeG-

PSOE de Pontevedra, David Regades e dos alcaldes de Gondomar e a Cañiza, reuniuse co eurodeputado galego Nicolás González Casares, coa eurodeputada Clara Aguilera, así como co secretario xeral do grupo socialista no parlamento europeo Jordi Harrison.

Así mesmo, na visita puideron coñecer de preto como funciona o día a día do Parlamento Europeo ou do Comité das Rexións, un órgano fundamental para artellar o

desenvolvemento local das políticas europeas dende Bruxelas.

As intensas xornadas de traballo xiraron entorno ao coñecemento dos diferentes fondos europeos e a súa finalidade, para que finalmente estes poidan reverter directamente sobre o territorio, dando resposta ás necesidades de desenvolvemento industrial e do rural que teñen os concellos como Salceda.

O concello de Salceda de Caselas ten concedidos Fondos Eu-



ropeos para mellora da compostaxe, impulso do Comercio Local e mellora da eficiencia enerxética no alumado público, entre outras. Ademais ten solicitado diferentes

proxectos como a construción dun Centro de Día ou a rehabilitación do antigo centro de saúde como Centro Municipal de Servizos Sociais Comunitarios.

SALCEDA DE CASELAS

Salceda, exemplo de loita contra a violencia machista

O Concello de Salceda de Caselas presentou a programación elaborada co gallo do 25 de novembro, día da eliminación da violencia contra a muller, a través da concellaría de igualdade dirixida pola tenenta de alcaldesa Loli Castiñeira.

Enmarcado dentro do programa Diana, por segundo ano consecutivo e logo da boa acollida da primeira edición, púxose en marcha o II concurso de fotografía "Salceda contra a violencia de xénero". Estas imaxes servirán para a realización dunha exposición que percorrerá as parroquias do concello, facendo deste xeito partícipe ao rural unha vez máis nas accións de igualdade.

O propio 25N, na Praza do Concello, o alumnado do CEP Altamira gardará un minuto de silencio en recordo e homenaxe ás vítimas de violencia de xénero, dando lectura a continuación a un manifesto. A rapazada será tamén a protagonista da performance "Derrubamos os muros", rematando os actos coa entrega dos agasallos as gañadoras do concurso organizado polo CEP Altamira con motivo do 25N.

Xa pola tarde, ás 20:30h no



local social O Matadoiro, coa colaboración da asociación 13-14, realizouse a presentación do libro #taméneu coa autora María Xosé Porteiro.

A Concellaría de igualdade presentou deste xeito unha programación na que se fixo partícipe a outras entidades, neste caso colexio e asociación 13-14, nunha nova mostra de colaboración que en causas como a da violencia de xénero resultan fundamentais, fomentando a concienciación dende os primeiros anos da rapazada e cunha participación importante da xuventude.

No que a igualdade se refire, o Concello mantén unha programación continuada ó longo de todo o ano, con iniciativas como a que fai uns meses chegou a todo o territorio municipal baixo o nome "As nosas Parro-

quias en Igualdade", cun curso de primeiros auxilios con moi boa acollida, ou o curso de autodefensa para mulleres organizado coa colaboración da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia.

Ademais, dentro do Programa Diana financiado pola Deputación de Pontevedra, realízanse diferentes actividades para favorecer a visibilización, prevención e toma de conciencia sobre un problema social grave; a violencia machista. Así, por exemplo, o 23 de setembro, día internacional contra a explotación sexual e o tráfico de mulleres nenas e nenos, a Concellaría de igualdade levou adiante unha campaña pioneira en Galicia baixo o lema "Sen clientes non hai explotación", que contou coa colaboración de ACISA para a súa difusión.

O comercio de Salceda camiña "Da Túa Man"



O programa "Da Túa Man", impulsado con fondos europeos grazas a un convenio coa Deputación de Pontevedra, revitalizará o comercio local de Salceda de Caselas cun orzamento de 93.139,87€, dos cales o concello de Salceda aporta 11.546,27€.

As actuacións recollidas teñen como obxectivo fundamental dinamizar o comercio local, na liña de potenciar as iniciativas que se veñen levando a cabo pola asociación de comerciantes ACISA e o concello. Introducendo cambios que provoquen a modernización, sustentabilidade e transformación dixital dos negocios comerciais locais, colocando a veciñanza como a verdadeira protagonista dese impulso comercial que se pretende acadar a través do programa.

O comercio local poderá transformarse dixitalmente coas ac-

tuacións de creación dun portal web único, campañas de comunicación, puntos de información e sensibilización sobre o tratamento de residuos, packing sostible e aplicacións que faciliten a oferta comercial.

No tocante ao aspecto sostible, relacionado co fomento da economía circular no comercio local, algunhas das actuacións irán encamiñadas a establecer sistemas de recollida de pedidos de forma colaborativa, deseños de packaging reutilizable ou o subministro e instalación de illas ecolóxicas modulares para o depósito e tratamento de residuos.

As persoas propietarias e traballadoras dos comercios de Salceda tamén poderán adquirir formación que lles axude a coñecer e superar os retos da transformación dixital e como poden sacarlle o maior partido para o crecemento dos seus negocios.

Presentado libro de María Xosé Porteiro no 25N

No marco do Día Internacional contra a Violencia Machista, o Concello de Salceda rematou os actos do 25N no CS O Matadoiro, na presentación do libro #taméneu da escritora e xornalista María Xosé Porteiro, que estivo acompañada na presentación por Andreia Costas e Llerena Perez.

O evento, que contou coa participación da alcaldesa Verónica Tourón, tivo a colaboración da ACDE Treze Catorze na súa organización de maneira



conxunta coa Concellaría de Igualdade que dirixe Loli Casti-

ñeira.

Reapertura da rúa Joaquín Fernández Sestelo



Tralo pintado e asfaltado da Rúa Joaquín Fernández Sestelo, o luns 12 de decembro procedeuse á reapertura da circu-

lación pola mesma. Polo tanto, a Avda de Galicia e o tramo final de Joaquín Fernández Sestelo recuperan o seu sentido habitual.

PONTEVEDRA

Programa DEPOFOREST busca mellorar o emprego e a protección do monte

Co fin de mellorar a capacidade de atopar traballo de persoas en situación de desemprego e apostar pola creación de emprego verde e a protección do monte, a Deputación de Pontevedra pon en marcha unha serie de accións formativas en varias concellos de Pontevedra e na provincia de León ao abeiro do proxecto “Depoforest”.

Os cursos comezaron o 21 de novembro nos concellos de Moaña e O Rosal. Xa en decembro, o día 12, a formación desenvolverase nos concellos de Caldas de Reis, A Cañiza e Portas e proximamente anunciaranse datas para os que terán lugar na provincia de León, concretamente en Luyego e Bra-



ñuelas (Villagatón).

O proxecto, que conta cun orzamento de 102.467 euros, dos cales 92.220 euros están financiados polo Fondo Social Europeo a través do Programa Empleaverde da Fundación Biodiversidad do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

60.000€ para Plan Concellos

Por outra banda, a Xunta de Goberno da Deputación vén de dar luz verde a preto de 600.000 € de achegas do Plan Concellos para que Caldas, Pazos de Borbén e Tui recuperen espazos públicos, melloren a mobilidade peonil, acondicionen parques infantís e adquiran un camión para o servizo de recollida de lixo.

Proxectos de GALP Ría de Pontevedra optan polos Premios Economía Azul

Tres proxectos do GALP Ría de Pontevedra foron seleccionados para optar en tres categorías distintas dos Premios Economía Azul, impulsados pola Consellería do Mar, que se achegan a súa terceira edición. Os premios se concederán o 1º de decembro nunha gala na Cidade da Cultura de Compostela.

Estes proxectos son, no apar-

tado do apoio á pesca costeira artesanal, enLonxaTour, un proxecto impulsado pola Cofradía de Pescadores San Roque de Portonovo para a mellora do uso turístico e comercial implantando novas tecnoloxías.

Na categoría de diversificación foi seleccionado o proxecto de turismo pesqueiro “Pescaturismo Praia de Sanxenxo” promovido

por Sauro Martínez Durán. Por último, na categoría de economía circular, a candidata é a iniciativa de Nordés Velería, que consiste na creación de novos produtos a partir de materiais reutilizados e residuos da fabricación de velas, lonas e toldos. O proxecto permite mellorar a sustentabilidade do negocio ao tempo que se reduce o impacto medioambiental.

Gentopía, un videoxogo pola igualdade

Máis de 200 estudantes de Secundaria tiveron a posibilidade de coñecer o proxecto Gegame, a través do cal a Deputación de Pontevedra, xunto con socios de España, Hungría, Irlanda, Turquía, Romanía e Portugal, desenvolveu o videoxogo Gentopía, unha ferramenta “que ten como obxectivo traballar a igualdade e a loita contra as violencias machistas, as agresións sexuais e o acoso”, como explicou a presidenta Carmela Silva.

Gentopía é un videoxogo elaborado por un grupo de docentes,

deseñadores e deseñadoras de xogos e expertas e expertos académicos en xénero, xogos formativos, deseño de xogos e estudos pedagóxicos, cuxa temática xira arredor de Mia, unha extraterrestre natural de Gentopía, unha confederación de planetas nos que existe igualdade de xénero, que chega ao planeta Terra, do que ten escoitado que é moi avanzado en violencia de xénero, para descubrir que non é así. Desta maneira, a través da historia, vai analizando o que ocorre e intentando que cambien os estereotipos

e que se loite contra a desigualdade. Ao ir cumprindo obxectivos, os e as xogadoras reciben un premio e ao obter todos os que hai, a Terra poderá formar parte de Gentopía, pois será un planeta no que exista igualdade.

Durante a presentación desta iniciativa, Silva estivo acompañada polo alcalde de Vigo, Abel Caballero e as representacións europeas, nun acto desenvolvido no Auditorio do Concello vigués e que serviu como peche do proxecto, financiado por Europa cos fondos Erasmus+ 2014-2020.

Éxito da Deputación no INTUR de Valladolid

A Deputación de Pontevedra vén de pechar a súa participación na Feira Internacional de Turismo do Interior, INTUR, celebrada en Valladolid cun “exitoso” balance.

Ata o stand da Deputación achegouse numeroso público interesado, fundamentalmente, na ruta das camelias e no cultivo destes exemplares na provincia. Tamén detectouse unha elevada demanda de información sobre os viños da DO Rías Baixas (o destino Rías Baixas rexistrou 30.000 visitantes este 2022), o Castelo de Soutomaior e o patrimonio inmaterial da provincia, así como as propostas



propostas de escapadas para o Nadal e a Semana Santa do 2023, centrando as súas demandas en experiencias ligadas coa cultura. Tamén amosaron interese para o verán sobre o Camiño Portugués, o Camiño Portugués pola Costa e experiencias relacionadas coas festas e a enogastronomía.

"Cambiamos o conto" contra as violencias machistas

Ao abeiro dos actos do primeiro aniversario do “Manifesto de Soutomaior”, a Deputación de Pontevedra vén de lanzar “Cambiamos o conto” un concurso de relatos dirixido ao alumnado de ESO, Bacharelato, FP Básica ou de Grao Medio de centros educativos da provincia para incentivar entre a mocidade o pensamento crítico, sensibilizala na igualdade e na loita contra as violencias machistas e fomentar a súa creatividade.

O concurso, aberto ata o 30 de xaneiro de 2023, premiará aos mellores relatos elaborados pola mocidade que partan da

denuncia do carácter machista dunha canción e reflexionen para construír o mundo e as relacións dende o feminismo. Haberá tres premios para ESO e outros tres para Bacharelato, FP Básica ou de Grao Medio e os galardóns, iguais para ambas categorías, recalarán tanto nos centros educativos como nas mozas e mozos gañadoras/es.

Amais deste concurso acordouse poñer en marcha os premios literarios “Hai unha voz”, para recoñecer o papel das escritoras, así como un observatorio sobre a situación das mulleres na literatura e unha biblioteca dixital de mulleres da escrita.

O Nadal da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra inaugura o Nadal coas luces e unha programación que se espallará ata o día de Reis.

Amais do alumeado do Pazo, da sede de Vigo, do Edificio Administrativo, do Palacete das Mendoza e de Príncipe Fe-

lipe, os Castelos de Soutomaior e, por vez primeira, o de Sobroso, tamén serán protagonistas do acendido e no caso de Soutomaior cunha ampla axenda de actividades que inclúe o tradicional mercadiño, así como visitas teatralizadas e obradoiros.

PONTEVEDRA

Zona Franca presentou en Baiona o seu Plan Estratéxico provincial

A Zona Franca de Vigo analizou con axentes sociais e económicos da área de Vigo, que inclúe Val Miñor, Morrazo, Redondela e Salceda, os sectores o turismo, a industrialización e as infraestruturas, así como o reto demográfico, no quinto e último workshop do Plan Estratéxico da provincia.

En Baiona reuníronse nunha mesa de traballo Anfaco, Asime e a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona. Ao workshop asistiron, ademais do delegado da Zona Franca, David Regades; os alcaldes de Baiona, Carlos Gómez; Gondomar, Francisco Ferreira; e Nigrán, Juan González; así como as alcaldesas de Salceda; Verónica Tourón; e Moaña, Leticia Santos.

Tralas reunións de Tui, Salnés-Caldas, Pontevedra e Taboas-Deza-Terra de Montes, chegou a quenda da mesa de traballo da área de Vigo, para completar a análise coas súas achegas.

O delegado do Estado na Zona Franca, David Regades, destacou que “estas mesas de traballo foron de moita utilidade para coñecer as necesidades de cada área e para converter este plan nun dos piares para o crecemento económico da provincia”.

Estas mesas de traballo foron deseñadas para identificar liñas de traballo e proxectos que dean resposta aos retos demográficos, económicos e de desenvolvemento sostible aos que se enfronta a provincia. Ao longo das próximas



semanas reunirse a última mesa, a da área de Vigo con Morrazo e Val Miñor.

As consultas aos axentes, complementa un diagnóstico global e pormenorizado por división económica no que se recolle a situa-

ción social e económica da provincia, así como as oportunidades e principais desafíos para os próximos anos. De todas estas achegas sairá un documento de liñas estratéxicas e posteriormente o plan operativo con accións concretas.

Récord histórico nos Orzamentos da Deputación

Os Orzamentos da Deputación de Pontevedra para 2023, que con 181,63 millóns de euros supoñen as súas Contas máis expansivas da historia, xa están en vigor despois de que foran aprobadas definitivamente polo Pleno provincial cos votos favorables do PSdeG-PSOE e o BNG e a negativa do PP.

A Deputación volve apostar polo financiamento regrado e obxectivo cun Plan Concellos que crece un millón de euros e alcanza os 44 millóns, dedicando a totalidade do incremento a reforzar as achegas aos municipios de menos de 20.000 habitantes para obras, subministracións, servizos e contratación de persoal.

xa somos

20.000

mulleres e homes traballando

+ en máis de

700

empresas producindo

**Impulsamos a economía,
creamos empleo**



75 ANOS

Santiago Veloso | Presidente Asociación Ponte nas... Ondas!

"O recoñecemento da UNESCO pon en valoración un modelo de salvagarda do patrimonio cultural a nivel mundial"

A Asociación cultural e pedagóxica Ponte nas...Ondas! asistiu en Rabat (Marrocos) á XVIII sesión do Comité Intergubernamental para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) celebrada do 28 de novembro ao 3 de de-

cembro na que presentaba o seu modelo de boas prácticas do patrimonio oral galego-portugués. Falamos co seu presidente Santiago Veloso sobre as expectativas e o futuro deste patrimonio inmaterial.



O modelo de boas prácticas de Ponte...nas ondas! está sendo avaliado pola UNESCO na conferencia de Rabat a celebrarse entre novembro e decembro. Que expectativas ten en torno a este posible recoñecemento?

Agardamos que a UNESCO recoñeza todo o traballo realizado por Ponte...nas ondas! desde hai 27 anos. Non se trata dun recoñecemento sen máis, é a valoración dun modelo que vai ser difundido como un método de salvagarda do patrimonio cultural en todo o mundo. Para toda a comunidade educativa de Galicia e Portugal é un premio do que sentímonos orgullosos.

Recentemente asinou o protocolo de colaboración coa

AECT Rio Minho para a creación do Centro do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués en Valença do Minho. Cal será a participación da Asociación Ponte...nas ondas!?

Desde Ponte...nas ondas! propuxemos a creación dun espazo de referencia para o patrimonio cultural galego-portugués, un lugar de encontro e de proxección deste patrimonio. Ponte...nas ondas!, como ONG consultora da UNESCO para o PCI desde 2015, vai asesorar e tamén a dinamizar o Centro non como un museo senón como un laboratorio de experiencias e de creación, onde os centros educativos galegos e portugueses teñan un espazo de intercambio.

Que actividades levará a cabo

este Centro para a preservación e difusión do patrimonio inmaterial galego-portugués?

O patrimonio cultural galego-portugués está distribuído por toda a Eurorrexión, vivo nas comunidades portadoras e desde o Centro do Patrimonio ofrecerase unha información exhaustiva de todas as manifestacións e expresións de cada lugar dando unha panorámica xeral do conxunto do patrimonio inmaterial galego-portugués. Ademais, como centro de encontro, facilitará actividades conxuntas entre as persoas portadoras de Galicia e Portugal.

Está contemplado algún tipo de apoio institucional por parte doutras entidades?

O centro debe ser unha enti-

dade que teña o apoio de todas as institucións tanto de España como de Portugal, pois o patrimonio cultural é de toda a cidadanía e debe ser responsabilidade de todos, desde os Estados, as autonomías e os Concellos.

Durante anos, Ponte...nas ondas! vén perseguindo o recoñecemento da UNESCO deste patrimonio inmaterial conxunto galego-portugués. A creación deste Centro en Valença, impulsará con maior forza a posibilidade deste recoñecemento internacional?

A inscrición do modelo Ponte...nas ondas! como boas prácticas co patrimonio inmaterial galego-portugués no rexistro da

UNESCO parte dun traballo con este patrimonio común que vén sendo feito desde os centros educativos e desde as asociacións e comunidades de portadores. Ponte...nas ondas! foi a impulsora dunha candidatura deste patrimonio en 2004; a UNESCO recomendou a ambos Estados voltar a presentala. Agora a iniciativa corresponde ás institucións. Contar cun centro de referencia axudará na visibilidade e na concienciación sobre a necesidade de recoñecemento internacional do patrimonio cultural galego-portugués, que xa é da humanidade desde a Idade Media.

Entrevista realizada por Roberto Mansilla antes do recoñecemento da UNESCO.

ZAPATERÍA
Ángeles Castro
Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

ERDP
El Rincón Del Perfumista
Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor
886 311 003 | 633 535 053 | www.erdp.es | info@erdp.es
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com



ARBO

A VILA DA LAMPREA

CORAZÓN DOS VIÑOS CONDADO E ALBARIÑO

**O Concello de Arbo
deséxalles un
Bo Nadal
e Próspero Aninovo**